

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

RESOLUCIÓN do 9 de setembro de 2011 pola que se modifica o ficheiro de datos de carácter persoal número 5, denominado Xestión de usuarios da biblioteca.

A disposición adicional segunda, 2, da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE n.º 298, do 14 de decembro), especifica que a creación ou modificación dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse mediante a disposición xeral correspondente.

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) aprobou a regulación dos seus ficheiros para a súa adecuación á LOPD mediante Resolución do 24 de xuño de 2002, entre os que figuraba o ficheiro n.º 5 «xestión de usuarios da biblioteca».

Desde a publicación deste ficheiro se produciron modificacións na normativa de protección de datos, en particular sobre as medidas de seguridade e se modificaron e se van modificar diversos procesos de traballo que aconsellan unha modificación puntual do ficheiro aprobado no seu día.

Na súa virtude, e co fin de dar cumprimento ao mandato legal do artigo 20 da LOPD, sobre creación ou modificación de ficheiros que conteñan datos de carácter persoal xestionados pola Universidade de Santiago de Compostela, e de lles asegurar aos administrados o exercicio dos seus lexítimos dereitos,

DISPOÑO:

Primeiro. Modifícase o ficheiro de datos de carácter persoal n.º 5, denominado Xestión de usuarios da biblioteca aprobado pola Resolución reitoral do 24 de xuño de 2002 (*Diario Oficial de Galicia* do 9 de agosto).

A súa descrición contense no anexo desta resolución, indicando o nivel de medidas de seguridade, en aplicación do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Segundo. O ficheiro que se indica no anexo rexerese polas disposicións xerais e instrucións que se detallen e estará sometido, en todo caso, ás normas legais e aos regulamentos de superior rango que lle sexan aplicables.

Terceiro. A aprobación desta resolución non supón a supresión de ningún ficheiro de datos de carácter persoal, polo que non é necesaria a aplicación do disposto no artigo 20.3.º da LOPD.

Cuarto. Ademais do establecido no anexo, poderanse realizar cesións sempre que así se recolla nunha norma ou para os efectos de lles remitir datos aos servizos estatísticos, tanto estatais como da comunidade autónoma, para o desenvolvemento das funcións propias destes servizos ou entidades e cos límites establecidos na lei.

Quinto. Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2011.

Juan José Casares Long
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

ANEXO

Ficheiro n.º 5 [Xestión de usuarios da biblioteca].

a) Identificación do ficheiro:

Xestión de usuarios da biblioteca.

b) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro:

Vicerreitoría de Investigación e Innovación. Universidade de Santiago de Compostela.

Praza do Obradoiro (Colexio de San Xerome) s/n.

15782 Santiago de Compostela.

A Coruña.

c) Órgano, servizo ou unidade en que se deberán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Vicerreitoría de Investigación e Innovación. Universidade de Santiago de Compostela.

Praza do Obradoiro (Colexio de San Xerome) s/n.

15782 Santiago de Compostela.

A Coruña.

d) Carácter informatizado ou manual estruturado do ficheiro:

Mixto.

e) Medidas de seguridade:

Medidas de nivel básico.

f) Tipos de datos de carácter persoal que se incluírán no ficheiro:

Datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome e apelidos, enderezo postal, enderezo postal familiar, correo electrónico, n.º rexistro persoal, código usuario, tipoloxía de usuario, número de teléfono.

Outros tipos de datos: académicos e profesionais, estatísticas de préstamos solicitados.

g) Descrición detallada da finalidade do ficheiro e usos previstos:

Ficheiro de identificación dos usuarios da biblioteca universitaria para a realización de préstamos, así como para a realización dos trámites asociados a solicitudes de reproducións de documentos e/ou préstamo interbibliotecario con outras institucións

h) Tipificación da finalidade e usos previstos:

Educación e cultura. Xestión usuarios do servizo prestado.

i) Persoas ou colectivos sobre os cales se pretende obter datos ou que resultan obrigados a subministralos:

Empregados, estudantes, solicitantes.

j) Procedencia ou procedemento de recollida dos datos:

O propio interesado ou representante.

k) Órganos e entidades destinatarios das cesións previstas, indicando as transferencias internacionais:

Non se prevén cesións.